



Artistas “do país” volven aos escenarios galegos nunha nova edición dos monólogos R

- *Da man dos/as monoloxistas máis coñecidos/as de Galicia regresan este mes, coas mesmas ganas e vigor de hai 15 anos, os monólogos R, evento mítico do operador galego.*
- *Touriñán, Celso Sanmartín, Lucía Veiga, Carlos Blanco e Pepo Suevos visitarán A Coruña e Vigo nas próximas semanas cos seus monólogos para escachar coa risa nun espectáculo exclusivo.*
- *R leva dende 2008 apostando polo humor “do país” e a fórmula dos monólogos para achegarse, de xeito diferente, aos seus clientes/as e á poboación de Galicia en xeral.*

Mércores, 8 de marzo de 2023.- O vindeiro 19 de marzo volve unha das accións máis senlleiras de R, o exitoso periplo dos monólogos R que dende hai xa quince anos fai rir a miles de galegos e galegas da man dos actores e actrices máis populares da terra.

Este evento, querido e demandado como ningún por un público incondicional, ofrece humor “do país” en estado puro, conducido na nova quenda de espectáculos por Xosé A. Touriñán (‘Tourí’), Lucía Veiga, Carlos Blanco, Celso Sanmartín e Pepo Suevos; monoloxistas da canteira galega moi populares en Galicia que, con seguridade, provocarán un ano máis as gargalladas do seu público.

“Dismo ou cóntasmo?”

Na vida hai monólogos por todas partes, e cando a historia é moi substanciosa ou xera incredulidade dicímoslle a quen a narra, con certa retransca: “dismo ou cóntasmo?”. Este é o punto de partida do novo espectáculo dos monólogos R, que ofrecerá contido exclusivo narrado polos devanditos cinco populares monoloxistas galegos.

Xosé A. Touriñán fará de mestre de cerimonia nas citas da Coruña e tamén dará boa conta das súas ocorrencias en varias intervencións no escenario. O cómico irá establecendo conversas coa súa compañeira e co seu compañeiro de escenario, Lucía Veiga e Celso Sanmartín, que tamén ofrecerán os seus propios monólogos.

En Vigo repítese o formato do evento e será o actor Carlos Blanco quen conduza o espectáculo, conversando con Lucía Veiga e Pepo Suevos. O obxectivo: contar, contar e contar para facerlle pasar unha tarde de diversión ao público.

De norte a sur, gargalladas aseguradas

Polo tanto, a itinerancia dos monólogos **R** de 2023 comezará o domingo 19 de marzo no Pazo de Exposicións e Congresos da Coruña, Palexco, en dobre sesión: ás 17:00 h e ás 20:30 h. A capacidade é limitada e para acudir é necesario contar con algún dos convites de **R** para clientes/as ou cos conseguidos nos concursos de redes sociais.

Posteriormente, o domingo 26 de marzo, os monólogos **R** chegarán ao Auditorio 'Mar de Vigo' da cidade olívica en sesión única, ás 20:00 h.



43.700 asistentes, 30 localidades e monologistas da terra

Dende os seus inicios, os **monólogos R** organizáronse pensando especialmente nos/nas clientes/as do operador galego, a través dun formato definido (relato dunha única persoa en voz alta) que **R** escolle dende 2008 para manterse preto da súa xente.

É tamén unha aposta polo talento do país, polo enxeño e polo humor, talvez este último un dos xeitos máis rápidos e eficaces de acurtar distancias entre as persoas. De feito, son xa case 15 anos que falan de éxitos totais nas convocatorias destes espectáculos nos que hai garantidas risas a esgalla.

E, como mostra, as cifras: ata a data, en formato presencial alcanzouse a cantidade de **43.700 asistentes aos monólogos R**, con espectáculos non só nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol), senón tamén noutras moitas localidades da comunidade como Viveiro, Vilalba, Ordes, Xinzo da Limia, Sarria, O Carballiño, Carballo, Ribadeo, Verín, Lalín, A Estrada, Melide, Noia, Allariz, As Pontes de García Rodríguez, O Barco de Valdeorras, Ponteceso (O Couto), Porriño, Cee ou Boiro, ata chegar a unha **trintena de concellos visitados**.

Con respecto ao **talento galego**, polos **monólogos R** pasaron humoristas e monologuistas do territorio tan populares como David Amor, Isi, Rober Bodegas, Marcos Pereiro, Federico Pérez, Javier Veiga, Víctor Grande, David Perdomo, Marita Martínez, Oswaldo Digón ou, xa nesta edición de 2023, Celso Sanmartín, Lucía Veiga, Carlos Blanco, Pepo Suevos e Xosé A. Touriñán, os tres últimos asiduos desta cita de **R** co público galego para esmendrellarse coa risa.

Sobre os/as monologuistas

Xosé A. Touriñán, popularmente coñecido como 'Touri', comezou a despuntar como actor e humorista nas "Cantareiras de Ardebullo", xunto a Marcos Pereiro. Vímololo no cine e no teatro interpretando o papel de fillo do narco Manuel Charlín en "Fariña" ou dándolle vida a unha infinidade de personaxes na gran pantalla, percorrendo "Rutas bizarras" en La 2 e moitas veces subido aos escenarios cos seus monólogos e espectáculos teatrais.

Lucía Veiga é monologuista, actriz e presentadora de televisión. A súa face é moi coñecida para os espectadores dos programas "Malo será", "Luar" ou "Malicia noticias" na TVG. Como actriz, destaca pola súa aparición na serie "Rapa" e os seus espectáculos de improvisación con Izquierdo Sisters, como "Galician Horror History".

Carlos Blanco é un dos humoristas máis veteranos de Galicia. Conta cunha dilatada traxectoria profesional como monologuista e actor. Nos últimos anos cultivou un grande éxito de público co espectáculo "Somos Criminais", xunto a Touriñán. Ademais, deulle vida a multitude de personaxes en cine e televisión. Un dos seus primeiros papeis como protagonista foi o de Ladislao en "Mareas vivas" e, máis recentemente, encarnou o narco Laureano Oubiña en "Fariña". Entre as súas películas destacan "Heroína", "Cargo", "Volver" ou "Dhogs".

Celso Sanmartín é poeta e narrador oral. Considerado un dos contadores de historias máis recoñecidos do panorama actual, en 2022 recibiu o premio 'Rebulir da Cultura Galega' na categoría de artes escénicas por preservar e difundir a tradición oral galega e levar os contos do rural aos escenarios.

Pepo Suevos, un dos actores máis rodados no mundo dos monólogos e o humor en directo en Galicia, é popular tamén pola súa participación en programas como "Tourilandia" ou "Land Rober". Ademais, na súa faceta de actor destacan series da TVG como "Caseiros", "Mareas vivas", "Terra de Miranda", "Matalobos" ou "Pazo de familia" e, a nivel nacional, "Fariña" e películas como "Entre bateas", "Heroína", "A esmorga", "A praia dos afogados" ou "As bestas".

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal